



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Extpe. 2021/G007/000031

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta minutos do día doce de agosto de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Alejandro Antonio García Sousa. Excusa a asistencia, dona Jessica Sabín Fernández. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA .

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 05.08.21.-

A citada acta resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e unanimidade dos presentes.

2º.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA.-

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA:

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 4 “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 9 de marzo de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño na mesma data. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria **Excavaciones Saavedra y López, S. L.** o día 9 de marzo de 2021 por importe de 26.372,54 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 4 “Traballos de conservación e reparación de edificios municipais: casa da cultura, piscina municipal e pavimentos de deportes de Longoiro” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 2 de xuño de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 03/06/2021. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria MT

2001, S. L. U. na mesma data por importe de 1.658,15 euros. Consta acta de recepción de obra de data 22/07/2021.

Vistos os reparos suspensivos interpostos pola intervención municipal en data 10/08/2021 á aprobación e pagamento das facturas correspondentes ás devanditas certificacións de obras indicadas anteriormente.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 4 “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número A 2021/A/2021016 de data 09/03/2021 con número de rexistro contable F/2021/689, emitida por **Excavaciones Saavedra y López, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 9 de marzo de 2021 por importe de 26.372,54 euros.

Aprobación da certificación de obra n.º 4 “*Traballos de conservación e reparación de edificios municipais: casa da cultura, piscina municipal e pavimentos de deportes de Longoiro*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE21 49 de data 03/06/2021 con número de rexistro contable F/2021/1316, emitida por CYS HISPANIA, S. L. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 03/06/2021 por importe de 1.658,15 euros.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 4 correspondente a obra “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” deberán descontárselle 775,50 euros pola dirección e inspección de obra e 258,50 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

E, finalmente, ao importe total da certificación n.º 4 correspondente a obra “*Traballos de conservación e reparación de edificios municipais: casa da cultura, piscina municipal e pavimentos de deportes de Longoiro*” deberán descontárselle 49,27 euros pola dirección e inspección de obra e 16,42 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

TERCEIRO.- Aos efectos da toma de razón do endoso da factura emitida por Excavaciones Saavedra y López, S. L. correspondente á Certificación n.º 4 da obra denominada “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” segundo a solicitude de endoso presentada en data 09/03/2021 e tal e como consta expresamente no propio rexistro contable F/2021/689, debería remitirse á Tesoureiría a documentación achegada para verificar a adecuada presentación da documentación e proceder ao abono da factura a favor do endosatario Banco de Sabadell, S. A. unha vez que conste presentada toda a documentación preceptiva para a tramitación do endoso.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

Expte de obra maior

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“.- Expte. núm. 51/2021.- **DAVID PIÑEIRO BOUZA (representado por Manuel Amable Varela Caabeiro)** ; de reforma de vivenda unifamiliar sita na **[REDACTED]** de **[REDACTED]** da parroquia e término municipal de Valdoviño.

Arquitecto do proxecto: Manuel Varela Caabeiro.

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 8.07.21, acordouse conceder a licenza para obra referida, adoptándose acordos derivados, figurando coma condición expresa da licenza de obras a obriga de non comezar as obras en tanto non se aportase ao expediente o proxecto de execución visado e nomeamento de arquitecto coma director de obra, visado polo correspondente colexio profesional en un modelo homologado por dito colexio.

Visto que dita documentación aportouse en datas 6.07.21 e 09.07.21, respectivamente, Visto informe do arquitecto municipal de data 9 de agosto de 2021, que indica que o proxecto de execución aportado non presenta diferencias com respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras; que as condicións urbanísticas non variaron, así coma tampouco o presuposto reflexado no proxecto de execución com respecto ao proxecto básico,

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Dar por válida a documentación aportada (proxecto de execución e nomeamento de arquitecto coma director de obra), e **ACORDAR** que se pode dar **COMEZO** ás obras; que deberán desenvolverse no prazo outorgado na licenza de obras (36 meses).

2º.- Non procede aplicación de novo importe de ICIO, ao non variar o orzamento reflexado no proxecto de execución con respecto ao do proxecto básico que se mantén en 87.079,45 €.

3º.- Notificar ao promotor o presente acordo para o seu coñecemento e efectos.

Valdoviño, 10 de agosto de 2021.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE DE ACTIVIDADE

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e cinco minutos, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; o que coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde